



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (XUNTA PROVINCIAL DA CORUÑA), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE “APOYO Y ACOMPAÑAMIENTO”, LOGOPEDIA, COLABORACIÓN COA UNIDADE DE COIDADOS PALIATIVOS E ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NA ÁREA SANITARIA DE FERROL**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Asociación Española contra o Cancro (Xunta Provincial da Coruña) o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia inicial dun ano. Non obstante, as partes poderán acordar a súa prórroga por 1 ano máis de conformidade co sinalado polo artigo 49.h.2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico e o artigo 37.2 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia, e sempre que se formalice por escrito con anterioridade á data de vencemento.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a actuación do voluntario e dos profesionais da AECC nos hospitais pertencentes ao Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol cos pacientes oncolóxicos, co fin de promover unha maior calidade de vida para os enfermos de cancro e as súas familias; facilitar o Programa denominado “Apoyo y Acompañamiento” e as actividades de voluntariado; regular a actuación do Servizo de Logopedia da AECC no Complexo Hospitalario Universitario Ferrol, para a atención logopédica a pacientes con cancro de cabeza e pescozo, na atención á disfasia, disglotia, disfonía e voz alarínxea secundarias á cirurxía e ao tratamento quimioterápico a pacientes con cancro de cabeza e pescozo dos Servizos de Otorrinolaringoloxía e Oncoloxía Médica do Hospital que de xeito libre e voluntario queiran ser beneficiarios do referido servizo, cumpríndose así os fins da AECC e colaborando cos responsables asistenciais do Hospital na atención integral aos devanditos pacientes; e colaborar coa Unidade de Coidados Paliativos co fin último de mellorar a calidade da atención aos doentes paliativos atendidos na Área Sanitaria de Ferrol (en adiante ASF) e con especial atención a aquelas localidades que dentro do ámbito territorial da ASF se atopen máis afastadas do Hospital.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen fin de lucro. Fundada en 1953 e declarada de “utilidade pública” en 1970, ten como principal fin loitar contra o cancro en todas as posibles modalidades coñecidas, ou que no futuro se

coñezan, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, de prevención, de investigación, de información de carácter sanitario ou asistencial.

A Área Sanitaria de Ferrol, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñece o importante papel da AECC. Por iso, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades desde postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, está interesada en colaborar coa AECC.

A Área Sanitaria de Ferrol, incorpora entre os seus obxectivos o fomento do voluntariado, a través de programas de colaboración con entidades e asociacións de ámbito sanitario.

Ambas as partes, de mutuo acordo, deciden subscribir o presente convenio de colaboración, co propósito de instrumentar unha acción coordinada en todos os campos de actuación en materia oncolóxica.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente do Servizo Galego de Saúde  
(P.A., art. 5.4 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro)  
O director xeral de Asistencia Sanitaria

Jorge Aboal Viñas

